# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO    Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es    Web: www.concellodeboimorto.es


**REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA), CERTIFICO:**

**PRIMEIRO.-** Que conforme a acta levantada por esta Secretaría en data 26/11/2018 en proceso selectivo para a contratación dun/ha auxiliar administrativo/a interino/a a xornada parcial para o departamento de servizos sociais por concurso oposición, as notas obtidas polos/as candidatos/as presentados á primeira proba da fase de oposición foron as seguintes:

| **APELIDOS E NOME** | **DNI** | **CÓDIGO** | **PUNTUACIÓN** |
|---|---|---|---|
| BLANCO MARTINEZ PATRICIA | 78804802V | XY2526 | Total: 0<br>ben 8,75<br>mal - 8,75<br>non contesta - 0,2 |
| CARBAJALES CASAL Mª ISABEL | 32830354Q | TU2122 | Total: 2<br>ben 8,5<br>mal - 4,5<br>non contesta - 2 |
| LOPEZ PARDO LAURA | 53397595J | DE3132 | Total: 5,95<br>ben 11,75<br>mal - 5,5<br>non contesta - 0,3 |
| MILLARES LOPEZ Mª JOSE | 47362662G | ZA2728 | Total: 0<br>ben 6,75<br>mal - 7,5<br>non contesta - 1,5 |
| PENAS SOUTIÑO LETICIA | 78803338W | RS1920 | Total: 2<br>ben 9,25<br>mal - 6,25<br>non contesta - 1 |
| PORTELA BARREIRO MARGARITA | 33296791J | VW2324 | Total: 5,65<br>ben 11,75<br>mal - 6<br>non contesta - 0,1 |
| VAZQUEZ RUA MARIA REMEDIOS | 46903972A | PQ1718 | Total: 6,65 |


FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 1SuuFujeY9UhoYWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | ben 12,25<br>mal - 5,5<br>non contesta - 0,1 |

Non superando o proceso selectivo ningún dos aspirantes ao non obter unha puntuación mínima de 9 puntos no primeiro exercicio da fase de oposición segundo o establecido no punto 10 das bases desta convocatoria.

**SEGUNDO.-** Que a proba realizada foi a seguinte, anexando plantilla coas respostas correctas:

| PEGAR CÓDIGO IDENTIFICACIÓN |
|---|
| |

**SINALE CUNHA "X" A RESPOSTA MAIS CORRECTA**

**1.- Os efectos previstos na Lei 39/2015, terán capacidade de obrar ante as Administracións públicas:**

a) As persoas físicas ou xurídicas que non ostenten capacidade de obrar de acordo coas normas administrativas.
b) Os menores de idade para o exercicio e defensa dos seus dereitos e intereses, sen asistencia da persoa que exerza a patria potestade ou tutela.
c) As persoas físicas ou xurídicas que ostenten capacidade de obrar conforme as normas civís.

**2.- O título I da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, denomínase:**

a) Da actividade das Administracións Públicas.
b) Dos interesados no procedemento.
c) Dos actos administrativos.

**3.- As notificacións dos actos administrativos practicaranse:**

a) Preferentemente por medios físicos.
b) Preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía.
c) Sempre por medios electrónicos para as persoas físicas.

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 1SuuFujeY9UhoYWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**4.- O prazo para a interposición do recurso de reposición contra un acto expreso é de:**

a) Dous meses.
b) Un mes.
c) 30 días.

**5.- Segundo o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, os empregados públicos clasifícanse en:**

a) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos e persoal laboral, xa sexan fixos, por tempo indefinido ou temporal.
b) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral fixo indefinido e persoal eventual.
c) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral, xa sexa fixos, por tempo indefinido ou temporal e persoal eventual.

**6.- De acordo co Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, cómo se denomina a progresión do grado, categoría, escala ou outros conceptos análogos sen necesidade de cambiar de posto de traballo?**

a) Carreira vertical
b) Carreira horizontal
c) Promoción interna horizontal

**7.- As resolucións administrativas que vulneren o establecido nunha disposición regulamentaria son, de acordo coa Lei 39/2015:**

a) Son nulas.
b) Son anulables
c) Non son recorribles.

**8.- Segundo o disposto na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, nos estados de ingresos dos orzamentos das entidades locais as previsións de ingresos por capítulos é:**

a) A clasificación económica.
b) A clasificación orgánica.
c) A clasificación por programas de ingresos.

**9.- Segundo o artigo 164 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as entidades locais elaborarán anualmente un orzamento xeral que conterá:**

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 1SuuFujeY9UhoYWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

a) O orzamento da propia entidade, a dos organismos autónomos dependentes desta e os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente a entidade local.
b) Ünicamento os estados de gastos e ingresos da entidade local e os seus organismos autónomos.
c) Os estados de gastos e ingresos da entidade local, os seus organismos autónomos e a plantilla de persoal.

**10.- De acordo coa regulación contida no TRLRHL, qué tributo dos indicados NON é de imposición obrigatoria para un Concello?**

a) O Imposto sobre Actividades Económicas.
b) O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
c) O Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

**11.- Cómo se computan os prazos, agás cando non se indique outra cousa?**

a) En días hábiles.
b) En días naturais.
c) Por meses.

**12.- Debe notificarse un acto de trámite?**

a) Só si se da unha causa de forza maior
b) Si, en calquera caso.
c) Non.

**13.- Indique cal dos seguintes ingresos NON é de dereito privado:**

a) Rendas patrimoniais.
b) Contribucións especiais.
c) Canons concesionais.

**14.- En ningún suposto os Concellos poderán establecer taxas:**

a) Pola ocupación do subsolo de terreos de uso público local.
b) Polo servizo de limpeza viaria.
c) Pola instalación de quioscos na vía pública.

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 1SuuFujeY9UhoYWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**15.- As entidades locais deberán confeccionar a liquidación dos seus Orzamentos antes do día:**

a) 31 de marzo do exercicio seguinte.
b) 31 de maio do exercicio seguinte.
c) 1 de marzo do exercicio seguinte.

**16.- En función da duración do contrato, o persoal laboral poderá ser:**

a) Fixo, por tempo indefinido ou temporal
b) A xornada completa ou parcial.
c) Ningunha é correcta.

**17.- Segundo o artigo 149.1.18 da Constitución, as bases do procedemento administrativo común:**

a) É unha competencia exclusiva do Estado.
b) É unha competencia exclusiva do Estado e das Comunidades Autónomas.
c) É unha competencia preferente do Estado.

**18.- As sesións do Pleno da Corporación:**

a) Son públicas só para as Entidades e Asociacións de dereito público.
b) Son públicas.
c) Non son públicas.

**19.- Os veciños que gocen do dereito de sufraxio activo poderán exercer a iniciativa popular presentando propostas de acordos asinadas -no suposto de Concellos de menos de 5000 habitantes- pola porcentaxe de veciños de:**

a) O 15 por cento dos veciños.
b) O 30 por cento dos veciños.
c) O 20 por cento dos veciños.

**20.- Os Concellos deberán establecer e regular en normas de carácter orgánico procedementos para a efectiva participación dos veciños en asuntos da vida pública local:**

a) No ámbito do municipio no seu conxunto e distritos no suposto que existan divisións territoriais.
b) Falso. Terán competencias nesta materia só as Comunidades Autónomas e o Estado.
c) Non se prevé esta posibilidade no ordenamento xurídico local, estatal ou autonómico.

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 1SuuFujeY9UhoYWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**21.- Os cidadáns teñen dereito a obter copias e certificacións acreditativas dos acordos das corporacións locais así como a consultar arquivos e rexistros:**

a) Si. A denegación ou limitación deste dereito, no que afecte a seguridade e defensa do Estado, a averiguación dos delitos ou a intimidade das persoas, deberán verificarse mediante resolución motivada.
b) Si, sempre. Non poderá limitarse ou denegarse este dereito.
c) Non. Trataríase de acceder a documentación de carácter confidencial e restrinxida á acción propia dos cargos electos.

**22.- Indique cal das seguintes respostas NON é correcta:O cidadán, cando se dirixe a calquera administración pode utilizar os seguintes lugares para presentar as súas solicitudes, escritos e comunicacións:**

a) Os rexistros de calquera órganos administrativo que pertenza a Administración Xeral do Estado.
b) Nas oficinas de Correos, na forma establecida regulamentariamente.
c) A través das plataformas de busca implementadas en internet.

**23.- Cando o cidadán presenta nun rexistro administrativo solicitudes, escritos ou comunicacións o persoal do devandito rexistro, sexa cal fora o órgano destinatario:**

a) Expedirase o correspondente recibo ou copia anotada cuxa función é a de acreditar a súa presentación ante a Administración.
b) Só hai que o rexistrar de entrada a documentación presentada.
c) Só se expedirá recibo ou copia se a documentación vai dirixida á Administración Xeral do Estado.

**24.- Cal das seguintes causas NON é de perda da condición de funcionario?**

a) A renuncia
b) A sanción disciplinaria de separación de servizo firme.
c) A sanción disciplinaria de suspensión firme.

**25.- O acto administrativo é:**

a) Unha declaración de vontade.
b) Unha actividade material.

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 1SuuFujeY9Uh0YWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

c) Unha declaración de vontade, xuizo, coñecemento e desexo.

**26.- Sinale o correcto:**

a) Os cidadáns están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico
b) Os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á Constitución
c) Os cidadáns e as autoridades públicas están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico

**27.- Regulará as bases da organización militar de acordo cos principios desta Constitución:**

a) unha lei orgánica
b) Un decreto lei
c) unha norma con rango de Lei

**28.- A bandeira de España está formada por:**

a) Tres franxas horizontais, vermello, amarelo e vermello, sendo o amarelo de dobre ancho que cada un dos vermellos.
b) Tres franxas horizontais, amarela , vermella, e amarela o vermello sendo a metade de cada unha das franxas amarela.
c) Tres franxas horizontais, vermella, amarela , e vermella, o amarelo sendo a metade de cada un dos vermello.

**29.- A súa misión é garantir a soberanía e independencia de España, defender a súa integridade territorial eo orden constitucional:**

a) O Goberno
b) O xefe de Estado
c) As Forzas Armadas

**30.- A forma política do Estado español é:**

a) A monarquía parlamentaria
b) Pluralismo político
c) A sociedade democrática

**31.- Expresan o pluralismo político, concorren á formación e manifestación da vontade popular e son un instrumento fundamental para a participación política:**

a) sindicatos e asociacións empresariais
b) Os partidos políticos

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 1SuuFujeY9UhoYWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

c) todos son correctos

**32.- O enderezo é inviolable:**

a) Non se poderá realizar ningunha entrada ou rexistro nel sen o consentimento do propietario, salvo en caso de flagrante delito.
b) Non se poderá realizar ningunha entrada ou inscrición nel sen resolución xudicial, salvo en caso de flagrante delito.
c) Non se poderá realizar ningunha inscrición nin rexistro na mesma sen o consentimento do propietario ou resolución xudicial, salvo en caso de flagrante delito.

**33.- Como está estruturado o Estatuto da Comunidade Autónoma de Galicia?**

a) En un título preliminar, cinco títulos, 7 disposicións adicionais e 4 disposicións transitorias.
b) Nun título preliminar, cinco títulos e 4 disposicións transitorias.
c) Nun título preliminar, cinco títulos, 4 disposicións adicionais e 7 disposicións transitorias.

**34.- ¿Que debería ter en conta a organización territorial de Galicia de acordo co Estatuto?**

a) A distribución da poboación galega e as súas formas tradicionais de convivencia e asentamento.
b) O Estatuto concede ao Parlamento Galego o pleno dereito de deseñar a organización territorial de Galicia.
c) A substitución progresiva de municipios pola comarca.

**35.- Quen goza da condición político de galegos de acordo co Estatuto?**

a) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan un barrio administrativo en calquera dos municipios de Galicia.
b) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan un barrio administrativo nun concello galego durante polo menos un ano.
c) Todos os que posúen a cidadanía galega porque naceron en Galicia.

**36.- Segundo o Estatuto, os residentes no estranxeiro gozan de dereitos políticos en Galicia?**

a) Só os nados en Galicia que proban esta condición no correspondente Consulado de España.
b) Só aqueles que nacen en Galicia que o acrediten no Consulado de España correspondente e tamén os dos seus descendentes que se inscriban como españois, se así o solicitan na forma que determine a lei estatutaria.

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 1SuuFujeY9UhoYWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

c) Calquera cidadán español que acredite esta condición no correspondente Consulado de España que tivo o seu último barrio administrativo en Galicia, así como os seus descendentes que se inscriban como españois, se así o solicitan o establecido na lei estatal.

**37.- Cal das seguintes funcións corresponde aos poderes públicos de Galicia?**

a) Promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e os grupos nos que estea integrado sexan reais e efectivas e elimine os obstáculos que dificulten ou dificulten a súa plenitude.
b) Para promover as condicións de liberdade e igualdade ante a lei para todos os individuos e os grupos a que pertencen establécese, e eliminar os obstáculos que impiden ou dificultan a súa realización.
c) Impoñer a plena liberdade e igualdade entre todos os individuos nos ámbitos político, económico, cultural e social.

**38.- Que deberían garantir os poderes públicos de Galicia?**

a) O uso normal e oficial do galego, como a única lingua oficial de Galicia que é.
b) O uso normal e oficial de ambas as linguas, pero a promoción do uso do galego en todas as esferas da vida pública, cultural e informativa, e debe dispoñer dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.
c) O sen discriminación lingüística, pero a promoción do uso do galego en todas as facetas, é a única lingua oficial de Galicia.

**39.- En canto ás comunidades galegas instaladas no estranxeiro, indique cal das seguintes proposicións son verdadeiras:**

a) O Estatuto recoñece automaticamente todos os dereitos políticos en Galicia.

b) Unha vez recoñeceu o seu galeguidade teñen dereito a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego e para gozar de dereitos políticos en Galicia.

c) Unha Lei do Parlamento galego regulará sen prexuízo dos poderes do Estado, o alcance e contido do seu recoñecemento como parte do galeguidade si así o solicita , ter dereito a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego . Pero isto en ningún caso implicará a concesión de dereitos políticos.

**40.- O Regulamento das Entidades Locais pode ser:**

a) Regulamentos orgánicos
b) Ordenanzas e Bandos.
c) a) e b) son correctos.

**41.- O Regulamento da Comunidade Autónoma é chamado:**

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 1SuuFujeY9UhoYWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

a) Decretos.
b) Ordes
c) a) e b) son correctos.

**42.-As Entidades Institucionais (Organismos Autónomos, Autonómicos e Locais) poden crear a súa propia normativa:**

a) Si, sempre que estean subordinados á normativa das entidades territorials das que estean.
b) Si. En calquera caso.
c) Ningunha resposta é correcta.

**43.- As Ordenanzas regulan as relacións entre:**

a) A entidade local e os cidadáns.
b) A entidade local e os seus funcionarios
c) O alcalde e os conselleiros.

**44.- As ordenanzas locais son normas de eficiencia:**

a) Externa e competencia da sesión plenaria do Concello
b) Interna, que só afecta ao Concello que os determina.
c) Para a autorganización do goberno municipal.-

**45.- O procedemento de elaboración e aprobación das ordenanzas municipais recóllese en:**

a) A lei de Bases 7/85
b) A Lei que regula as facendas locais.
c) a) e b) son correctos.

**46.- Para a súa entrada en vigor, as Ordenanzas deberán publicarse en:**

a) Bop.
b) No Boletín da Comunidade Autónoma Incipiente, no seu caso
c) a e b son correctos

**47.- Os bandos dos alcaldes están ditados por:**

a) O alcalde ou tenente de alcalde en quen delegue
b) Só pode ser ditada polo alcalde.
c) O alcalde ou o Pleno, indistintamente

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 1SuuFujeY9UhoYWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**48.- Os bandos de alcaldía son:**

a) Manifestación da potestade regulamentaria municipal
b) As normas son ditadas e aprobadas polo propio alcalde
c) Todas as respostas son correctas.

**49.-A intervención das entidades locais na actividade privada debe estar baseada nos principios de:**

a) Non discriminación.
b) Igualdade e eficacia
c) Igualdade de trato, congruencia cos fins e motivos que o xustifiquen e con respecto á liberdade individual.

**50.- Os actos de intervención producirán efectos entre:**

a) A entidade local é a persoa suxeita á actividade.
b) Situacións xurídicas privadas.
c) A entidade local e outras administracións públicas.

**51.-O suxeito a licenza sempre será unha actividade:**

a) Regrada.
b) Discrecional.
c) Ningunha resposta é correcta.

**52.- Sinala a definición correcta de técnicas do Traballo Social.**

a) Enténdese por técnica a utilización consciente e intencionada de coñecementos, procedentes da teoría, da experiencia e doutras fontes de información, que o profesional transforma en conduta mediante a relación que establece co usuario.
b) Enténdese por técnica os instrumentos que sistematizan e establecen o deseño previo da operación dunha unidade de acción. e é o máis próximo á execución. Son un conxunto de actividades orientadas ó logro dun obxectivo específico.
c) Enténdese por técnica os instrumentos de coñecemento científicos que definen o correcto comportamento profesional para atender ao servizo da cidadanía e ás institucións, valorando a confianza como factor importante e decisivo nas relacións públicas.

**53.- A Técnica na que un analista, alí onde se desenvolve a acción sobre a que queremos obter información, recolle de forma sistemática a conduta dos suxeitos e a somete a unha análise posterior. Cómo se denomina?:**

a) Entrevista

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 1SuuFujeY9Uh0YWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

b) Grupo de discusión
c) Observación

**54.- A historia social está composta de varios documentos:**

a) Ficha social e proxecto de intervención social
b) Informe social e documentos que reflicten o seguimento das intervencións, e os que avalan a información contida na historia.
c) As dúas anteriores son correctas

**55.- Definición de Informe social.**

a) Documento no que se rexistran exhaustivamente os datos persoais, familiares, sanitarios, de vivenda, económicos, laborais, educativos e calquera outros significativos da situación socio-familiar dunha persoa usuaria, a demanda, o diagnóstico e subseguinte intervención e a evolución de tal situación.
b) ditame técnico que serve de instrumento documental que elabora e firma con carácter exclusivo o profesional do traballo social. O seu contido derívase do estudo, a través da observación e a entrevista, onde queda reflectida en síntese a situación obxecto, valoración, un ditame técnico e unha proposta de intervención profesional.
c) Documento de intervención social, deseño de intervención social que comprende unha avaliación-diagnóstico da situación e persoas con quen actuar, unha determinación de obxectivos operativos, actividades e tarefas, utilización de recursos, temporalización e criterios de avaliación.

**56.- O estudo e diagnóstico social da comunidade, que implica a detección e análise de necesidades e demandas, explícitas e implícitas, no seu ámbito de intervención, é unha función dos servizos sociais:**

a) Dos servizos sociais comunitarios básicos
b) Dos servizos sociais comunitarios específicos
c) Tanto dos servizos sociais comunitarios básicos como dos específicos

**57.- Sinala cal das seguintes funcións é propia dos servizos sociais comunitarios básicos:**

a) Desenvolvemento de programas e actividades para previr a exclusión de grupos vulnerables de características homoxéneas e facilitar a súa inserción e normalización social.
b) A coordinación efectiva cos distintos sistemas de benestar e protección social que actúen no seu territorio, así como coas entidades de iniciativa social autorizadas que poidan complementar a súa actuación.
c) A atención directa a colectivos con déficits de autonomía ou en risco de exclusión que se desenvolva a través de programas en medio aberto, en centros de carácter non residencial ou de carácter residencial temporal**.**

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 1SuuFujeY9UhoYWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**58.- As prestacións básicas do Plan Concertado son:**

a) A loita contra a pobreza e a exclusión social a prevención da marxinación e a mellora da calidade de vida.
b) Información e orientación, apoio á unidade de convivencia e axuda no fogar, aloxamento alternativo, actuacións específicas de prevención e inserción social e actuacións destinadas ao fomento da solidariedade.
c) Actuacións específicas de prevención e inserción social e actuacións destinadas ao fomento da solidariedade.

**59.- Os compromisos das administracións concertantes do Plan Concertado para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais de Corporacións Locais son:**

a) Compromisos de xestión, económicos ou de financiamento, de asistencia técnica e de información.
b) Únicamente compromisos económicos e de financiamento. A Administración Xeral comprométese a destinar unha asignación específica para o desenvolvemento do Plan concertado nos Orzamentos Xerais do Estado. Pola súa parte, as Comunidades Autónomas comprométense a achegar, para o financiamento dos proxectos, unha contía igual ou superior á que achegue o Ministerio.
c) Compromisos de asistencia técnica e de compromisos de financiamento.

**60.- Dentro dos trámites de instrución das axudas de inclusión social , requírese aos servizos sociais comunitarios do concello de residencia para que emitan un informe de valoración social con proposta de idoneidade da axuda solicitada. Dito informe terá a consideración de:**

a) Informe preceptivo para a tramitación da solicitude e vinculante para a súa resolución.
b) Informe preceptivo e determinante para a tramitación da solicitude, aínda que non vinculante para a súa resolución.
c) Informe só preceptivo para a tramitación da solicitude.

**61.- A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia,contempla a posibilidade dunha tramitación abreviada do procedemento. Qué situación se contempla:**

a) Cando se reflicta no informe de valoración social que a persoa solicitante é vítima dunha situación de violencia de xénero, así como aos supostos de persoas vítimas de explotación sexual-laboral en redes de trata de seres humanos, logo da constatación da súa cooperación coas autoridades na investigación do delito.
b) Cando se reflicta no informe de valoración social que a persoa solicitante é vítima dunha situación de violencia de xénero.
c) Cando se reflicta no informe de valoración social que a persoa solicitante é vítima dunha situación de violencia de xénero e teña menores a cargo.

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 1SuuFujeY9UhoYWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**62.- De entre outros requisitos para ser beneficiario dunha pensión non contributiva de xubilación, está o da residencia que ha de ser:**

a) Residir legalmente no territorio español e telo feito durante 10 anos entre a idade de 16 anos e a data dende a cal ten dereito a percibir a pensión, dos cales 2 teñen que ser consecutivos e inmediatamente anteriores á data da solicitude.
b) Residir legalmente no territorio español e telo feito durante 15 anos entre a idade de 18 anos e a data dende a cal ten dereito a percibir a pensión, dos cales 2 teñen que ser consecutivos e inmediatamente anteriores á data da solicitude.
c) Residir legalmente no territorio español e telo feito durante 15 anos entre a idade de 16 anos e a data dende a cal ten dereito a percibir a pensión, dos cales 2 teñen que ser consecutivos e inmediatamente anteriores á data da solicitude.

**63.- Os beneficiarios de pensións non contributivas de invalidez teñen a obriga de:**

a) Despois de ter presentada a solicitude si se produce algunha variación da situación persoal, económica, así como das persoas da unidade de convivencia, deberá comunicarllo á Xefatura Territorial da Consellería de Política Social.
b) Presentar unha declaración anual sobre a situación económica e familiar.
c) As dúas anteriores son correctas.

**64.- En relación coas pensións non contributivas de invalidez. Enténdese por unidade de convivencia:**

a) Existirá unidade económica de convivencia en todos os casos de convivencia do beneficiario con outras persoas unidas con aquel por matrimonio ou por lazos de parentesco de consanguinidade ou adopción ata o primeiro grao.
b) Existirá unidade económica de convivencia en todos os casos de convivencia do beneficiario con outras persoas unidas con aquel por matrimonio ou por lazos de parentesco de consanguinidade ou adopción ata o segundo grao
c) Existirá unidade económica de convivencia en todos os casos de convivencia do beneficiario con outras persoas unidas con aquel por matrimonio ou por lazos de parentesco de consanguinidade ou adopción ata o terceiro grao.

**65.- Sinala cales das seguintes serían actuacións de carácter complementario dentro do servizo de axuda no fogar.**

a) Actividades de acompañamento, socialización, e desenvolvemento de hábitos saudables.
b) Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
c) As dúas anteriores son prestacións de carácter complementario.

**66.- A ausencia temporal do domicilio é unha das causas de suspensión temporal do servizo de axuda no fogar. Sinala a opción correcta:**

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 1SuuFujeY9UhoYWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

a) Poderá suspenderse por un máximo de dous meses para as persoas que accedan ao servizo por libre concorrencia, e por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan polo SAAD (Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia), debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
b) Poderá suspenderse por un máximo de dous meses para as persoas que accedan ao servizo por libre concorrencia, e para as persoas usuarias que accedan polo SAAD (Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia), debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
c) Poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas que accedan ao servizo por libre concorrencia, e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias que accedan polo SAAD(Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia), debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

**67.- A entidade local titular do Servizo de Axuda no Fogar abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no que constará, cando menos unha serie de documentación. Sinala a opción correcta:**

a) Un informe social e un proxecto de intervención asinado entre a entidade titular do servizo e a persoa usuaria.
b) Un informe social e un acordo de servizo acordo de servizo asinado entre a entidade titular do servizo e a persoa usuaria.
c) Un informe social, un acordo de servizo e un proxecto de intervención.

**68.- Entre os Deberes das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar están os seguintes. Sinala a opción correcta:**

a) A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.
b) A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.
c) A coñeceren a organización e o regulamento do servizo e a situación do seu expediente.

**69.- Unha das condicións de usuario do centro social de maiores do Concello de Boimorto é:**

a) Ter idade igual ou superior a 40 anos.
b) Ter idade igual ou superior a 65 anos.
c) As respostas anteriores son ambas correctas.

**70.- O PAI de Boimorto conta con:**

a) 25 prazas autorizadas.

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 1SuuFujeY9UhoYWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

b) 20 prazas autorizadas.
c) 30 prazas autorizadas.

**71.- Poderán solicitar praza no PAI de Boimorto:**

a) Os nenos/as con idades comprendidas entre 0 e 2 anos.
b) Os nenos/as con idades comprendidas entre 0 e 4 anos.
c) Os nenos/as con idades comprendidas entre 0 e 3 anos.

**72.- O centro de día de Boimorto conta actualmente:**

a) 15 prazas autorizadas.
b) 30 prazas autorizadas.
c) 25 prazas autorizadas.

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 1SuuFujeY9UhoYWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**RESERVA:**

**1.- Qué tipos de ingresos son os tributos?**

a) De dereito privado.
b) De dereito común.
c) De dereito público.

**2.- O horario do PAI inicialmente previsto no regulamento é:**

a) De 8:00 a 16:30 horas.
b) De 8:30 a 16:00 horas.
c) De 8:30 a 16:30 horas.

**3.- Preaviso para baixa voluntaria no centro de día de Boimorto segundo o seu regulamento será:**

a) 15 días.
b) 5 días.
c) 10 días.

**4.- A xestión do servizo de residencia de maiores de Boimorto é:**

a) Indirecta por empresa.
b) Directa polo Concello.
c) Ambas respostas anteriores son correctas.

**5.- Serán causas de extinción do Servizo de Axuda no Fogar:**

a) Falta de pago durante un ano.
b) Falta reiterada de pagamento do servizo.
c) Falta de pago dunha mensualidade.

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible

CVD: 1SuuFujeY9UhoYWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

SOLUCIONS:

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1 | C | 37 | A |
| 2 | B | 38 | B |
| 3 | B | 39 | B |
| 4 | B | 40 | C |
| 5 | C | 41 | C |
| 6 | B | 42 | A |
| 7 | A | 43 | A |
| 8 | A | 44 | A |
| 9 | A | 45 | C |
| 10 | C | 46 | C |
| 11 | A | 47 | B |
| 12 | C | 48 | C |
| 13 | B | 49 | C |
| 14 | B | 50 | A |
| 15 | C | 51 | A |
| 16 | A | 52 | A |
| 17 | A | 53 | C |
| 18 | B | 54 | C |
| 19 | C | 55 | B |
| 20 | A | 56 | A |
| 21 | A | 57 | B |
| 22 | C | 58 | B |
| 23 | A | 59 | A |
| 24 | C | 60 | B |
| 25 | C | 61 | A |
| 26 | C | 62 | A |
| 27 | A | 63 | C |
| 28 | A | 64 | B |
| 29 | C | 65 | A |
| 30 | A | 66 | C |
| 31 | B | 67 | C |
| 32 | C | 68 | B |
| 33 | C | 69 | B |
| 34 | B | 70 | B |
| 35 | A | 71 | C |
| 36 | C | 72 | A |

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible
CVD: 1SuuFujeY9Uh0YWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

SOLUCIONS RESERVA:

| | |
|---|---|
| 1 | C |
| 2 | C |
| 3 | A |
| 4 | B |
| 5 | B |

**TERCEIRO.-** Publicar esta certificación como secretaria do Tribunal cualificador no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

O que se certifica aos efectos oportunos.

Boimorto, 27/11/2018

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 27/11/2018)
Versión imprimible

CVD: 1SuuFujeY9Uh0YWk6DX+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.